

JUANA TORRES

Nacida en Santiago de Compostela, Juana Torres reside desde muy niña en El Ferrol del Caudillo. Aparte de sus actividades como poeta, se distingue por sus dotes de actriz y recitadora. En calidad de aficionada, pero a un elevado nivel artístico, ha desempeñado papeles importantes en la representación de diversas obras de la literatura universal, desde Lope de Vega a Arthur Miller.

Recientemente se ha publicado su libro de poemas «Do sulco». Colección «Illa Nova». Editorial «Galaxia». Vigo, 1957.



I

*Nos chegamos de sempre
nunha calqueira tarde
habitados de voces, ollos, amigos, Terra.
Cada nova pisada, cada resto,
cada verso por dentro, distintos nunha tarde.*

*É preciso, señor, por isto ou polo outro
unha bandada de horas para amar o difícil
para afastar o certo, choralo mudamente
e logo dicir adéus e que nos crezcan dedos.*

*Xa non sirven os froitos mazados no panasco
nin un peixe, de súpeto, preso na amanescida:
Detrás de cada tarde hai un algo sen volta
máis alá de ista orella, de istas pedras, máis lonxe.*

*Hai un ceo frenético.
E un animal escuro a doernos por todo.*

*Ás veces escribimos.
Hastra soñamos cousas
mentras comenza un intre de primeiras estrelas...*

*Señor, si eu son aquela máis fncada, máis soia
por enterrar na tarde meu corazón máis grande!*

II

*Pro estás eiquí, ouh Tempo, tan feito a ise costume
de cinza e primadeira, roña ou edificios.
Sempre ca mesma historia de probe medoñento
a empetar cada noite a esmola que recolle.*

*Imos a darte, tristes, a procesión dos simbolos,
as verbas que moveron montañas e pombeiros;
imos logo a perder os novizos ronseles
cando cego é o verme aínda pola terra.*

*Ah, esmorecido Tempo, nosos nomes coñeces.
Sobor teu lombo caben unha morea de espigas*

*Escondedoiro, Entrana, Tempo, Tempo:
¿Ónde a verdade de unas cousas últimas?...*

III

*I o Ceo, descuberto sobor do mar i os campos
sobor do Sol i as horas!*

*Ferida neste tempo, ben ferida de morte,
¿Xa é difícil saberte un senso de Esperanza?*

*Cada día connosco. Cada día
para dicir de cote «Non me agardes».*

*Pro estás eiquí de novo nun esauto cansazo;
saudaréi teu paso de inocentes repeitos;
un milagre de cisnes sinalarante axiña
cunha ponla de azul cravada antre o penuxe.*

*Un día coma outro o dios ha de rendirte
nunha babel de bocas sen ladridos nin festa.
Un día que mintamos a carón dunha rosa:
un día que fagamos amor con beizo amargo.*

*Ceo esencial e núdo: ¿Qué destino me moves
de aterecidas águías?...*

*Calquera voce sirve para espresar o úneco.
I é fermoso dicir «Non iba soia».*

NAI

*Tiña unha fita roxa no cabelo.
Lembro lódalas froles dos meus vasos de nena.
Tiña bicos a tarde, qué tesouro,
e bulia en buraios pra dentro dos teus ollos.
A tarde tiña aas de paxaro, quentiño, quentiño;
as tñas mans, riscadas do traballo,
calaban moitas veces pra carexarme miudo...
Eran días sen medo ós corvos sobre a lesta
porque todo era estrela.
Logo, que logo, houbo voar de follas, nomes, xentes.
Abrín portas, pecheinas; non se acouga con tanta mu
corrin a ser muller. E na tola carreira, perdín a fita
que me chamaba nena. Debén levala o vento
co froito dos anos, meus anos...*

*¿Pra qué terían aas de paxaro os dedos
que niñaban limpezas no cabelo?*

*Nai, onte laveiche os ollos. E na palma mollada
repousaron aquelas tardes, a fita dunha vida millor.*

*Ollos da miña nai. Cobizos de lareira sempre ó f
¿Seica os ventos vos perden ou vos choran!...*

Sen iles, miña historia non ten ollos.

A PRIMADEIRA

*Leva unha anduriña.
A infancia é un paxaro de ruada, no riso, no acento.
Medra o neto sen aboa de canas.
Sol adeprende os días: Nascéu onte mesmo.*

*Dilatouse unha agulla de relós,
non repinica a campá.
Mais espertan as cabeceiras verdes das rosas apertada*

A trenza da meniña leva trigal abondo

llitude
roxa

ogo.

s.

*un outono de follas que moitos pés soaron
e unha roza incurábele con fumes xa marelos.*

*Tempo fora de todo, ¿soupen algo de Ti?
Tan vagamente emprestas teu libro suxidío,
unha presa de homes con ben distintos labres
que gustaron túas codias e medraron cos lirios.*

*pra marelar os fíos do seu campo...
Tampouco esquece a Primadeira
as bágoas que baixan ó colo dos salgueiros turbados.*

*A puxanza aberta do pexegueiro, en frol,
dase en pingas de follas as ribas do río
que chega e vai pasando.*

